

AUTOMOBILISMO
RALLYE DE REGULARIDADE 2007
FERROL 22 de Abril

Esta edición vólveuse disputar por terras da comarca Ferrolá, en xornada única de domingo.

Preparativos:

É todo un rito que se repite cada vez:

- Saúdo aos compañeiros-contrincantes e cronometradores oficiais.
- Pago da inscrición estipulada.
- Recollida do material (rutómetro, letras)
- Sincronización do reloxo ao segundo con a hora oficial dos cronometradores.
- Pegada da letra identificativa nas ventanillas traseiras do vehículo.
- Vista previa da folla de ruta para determinar velocidades de paso.
- Encomendarse ao santo favorito para que todo saia ben.



Primeira etapa

Trala saída escalonada dun coche cada minuto, afrontaron a primeira parte da proba, que durou unha hora e tuvo un percorrido de 30 kilómetros. Tras 14 kilómetros pola nacional de saída de Ferrol (sen controis), se internaron por carreteras comarcais nas que lles esperaban marquesiñas (paradas de autobús), contedores, buzóns, hitos e todo aquilo que se lles ocorreu aos diseñadores do percorrido

como punto de referencia horario. Ao final fíxose unha parada para tomar un refrixerio, e algúns o tomaron con tanta calma que chegaron tarde aos primeiros controis seguintes...



Segunda etapa

Foi máis larga e agotadora. 2 horas ininterrompidas e 55 kilómetros nos que non se pode baixar a guardia, controlando continuamente o contakilómetros do coche e o reloxo para manter una velocidade que permita chegar ao seguinte control nin moi tarde (nestas carreteras 60 Km/h é moita velocidade) nin moi cedo (facer 25 metros nun minuto sin parar é farto complicado). Nun control podes haber

visto ao cronometrador ou non, pero si non o viches non quer dicir que non o houbera.

O último control e o final de etapa sole coincidir coa entrada de restaurante onde vaise celebrar a entrega de trofeos.

Esta competición sole facerse open, é dicir, compiten conductores con minusvalía (federados) con persoas sen discapacidade, xa que é convinte para o espectáculo que haxa un bó número de vehículos en xogo. Logo se establecen duass clasificacións: a xeral por un lado e a de discapacitados por outro, que neste caso, quedóu así:

Clasificación Cto. España Automobilismo 2007			
PTO	PILOTO-COPILOTO	COCHE	PENALIZ.
1	José L. Alvarez – Julio Sobral	Toyota Corolla	438
2	Manuel Brage – Olga Martínez	BMW	2395
3	Alvaro Illobre – Sonia Sestelo	Seat Ibiza	3375
4	Angel Gárate – Lucía Pereira	Audi	5384

José Luis Alvarez levaba bastantes anos intentándoo e por fin o conseguiu, cun novo copiloto, mentras que o eterno favorito Anxel Gárate tivo varios despistes que lle ocasionaron a acumulación de penalizacións. A parella Manuel Brage – Olga Martínez mostra unha gran compenetración nas probas que disputaron, e sempre están na disputa dos primeiros postos.



Os vencedores J. Sobral- J.L. Alvarez



Manuel Brage e Olga Martínez



Sonia Sestelo e Alvaro Illobre recibindo seu trofeo